



XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA 06 XUÑO 2022

Reunidos na sede da Asociación ADERCOU sita no Centro Empresarial Transfronterizo de Barbadás. Ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:15 horas en segunda convocatoria do día 06 de xuño de 2022, e estando presentes os membros da Xunta Directiva sinalados no anexo I (cumprindo o quórum), comézase a reunión coa seguinte orde do día:

Por parte do presidente dálle a ben vida aos asistentes, e comézase a reunión co primer punto da orde do día as 10:15 h.

1. LECTURA, APROBACIÓN, RATIFICACIÓN, E SINATURA DAS SEGUINTES ACTAS:

- Xunta Directiva Extraordinaria 07 de outubro de 2021
- Xunta Directiva Extraordinaria por Procedemento Escrito 27 de outubro de 2021
- Xunta Directiva por Procedemento Escrito 10 de marzo de 2022

O Presidente expón a todos os membros da Xunta Directiva que dispoñen das copias de todas actas reflectidas anteriormente, que se remitiron xunto coa convocatoria, pregúntalle aos asistentes se queren facer algunha modificación ou alegación das actas. Todos comunican a súa aprobación-ratificación e conformidade quedando este punto aprobado por unanimidade dos asistentes.

2. INFORME DOS PROXECTOS PRESENTADOS ATA O 11/05/2022 DA MEDIDA 19.2 AXUDAS LEADER GALICIA 2014-2020, ANUALIDADE 2021

O Presidente neste punto da orde do día dalle a palabra a Xerente que informa aos membros da Xunta Directiva, da relación de proxectos presentados e os que se están desenvolvendo ata o mes de maio de 2022. Así mesmo lles informa que nesta anualidade 2022 non hai convocatoria nin orzamento na medida Leader19.2 para proxectos produtivos e non produtivos. Só hai orzamento para os que quedan por xustificar na anualidade 2022, que xa fixeron unha xustificación parcial na anualidade 2021.

Explicando a situación actual de cada un dos proxectos tanto produtivos como non produtivos, achégase os cadros coa relación de proxectos,

PROXECTOS PRODUTIVOS

NÚMERO EXPEDIENTE	TÍTULO PROXECTO	PROMOTOR	ORZAMENTO	IMPORTE DA AXUDA	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022
L21-1920-11-0162	A CASA DA FONTE	JUAN CARLOS CORTES FERREIRO	256.332,17€	128.166,09€	32.041,52€	96.124,57€
L21-1920-11-0164	PROXECTO DE MODERNIZACIÓN DE CENTRO DEPORTIVO DE FORMACIÓN ECUESTRE	GALLAEQUIUS, S.L	56.278,85€	28.139,43€	14.069,72€	14.069,72€
L21-1920-11-0178	DOTACIÓN MAQUINARIA PARA QUEIXERÍA ARTESANAL	LAREIRA DE CORTECADELA, S.L	14.906,00€	7.453,00€	3.726,50€	3.726,50€
L21-1920-11-0179	A ZAMORANA	PADEL PRIX, S.L	460.959,24€	200.000,00€	67.667,40€	74.155,23€
L21-1920-11-0186	IMPLANTACIÓN DE CENTRO DE CLASIFICACIÓN, SELLADO Y EMBALAJE DE HUEVOS	MARIA LUISA RODRIGUEZ	DESISTENCIA			
L22-1920-11-0187	BOCAN	ASOCIACIÓN ESGAIA INSERTA	ICE DESFAVORABLE			
L22-1920-11-0188	ADQUISICIÓN CANTEADORA	MIG GONZAL MOBILIARIO, S.L	67.300,00€			

PROXECTOS NON PRODUTIVOS PÚBLICOS E PRIVADOS

NÚMERO EXPEDIENTE	TÍTULO PROXECTO	PROMOTOR	ORZAMENTO	IMPORTE DA AXUDA	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022
L21-1920-11-0163	REDE WIFI EN DIFERENTES LUGARES DO CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUIN	CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUIN	52.913,30€	47.621,97€	23.810,98€	23.810,99€
L21-1920-11-0169	PROXECTO TÉCNICO PARA CREACIÓN E IMPLANTACIÓN NO ÁMBITO RURAL DUN SERVIZO DE MAPAS (WMS)	CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR	141.751,50€	127.576,35€	21.383,30€	48.525,04€
L21-1920-11-0166	CONSTRUCCIÓN DE PARLADORES AO ALRE LIBRE PARA OS VECIÑOS	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS XUNTAZANZA DE MIRALLOS	31.500,00€	22.050,00€	5.339,87€	16.196,04€
L21-1920-11-0171	SOCIAL RURAL TRUCK	XERACIÓN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	28.305,31€	25.475,68€	12.737,84€	12.737,84€

Tamén explica aos presentes a relación de proxectos de cooperación nos que participa e participa Adercou nas anualidades 2021/2022, que e a seguinte,

PROXECTOS DE COOPERACIÓN ANUALIDADES 2021 Y 2022

- PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN APRENDIZAXSERVIZO "CONSERVANDO KM0"
UNIVERSIDADE DE VIGO E ADERCOU
- PROXECTO DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN IXP VIÑOS DE GALICIA
 - XORNADAS DE DINAMIZACIÓN IXP VAL DO MIÑO OURENSE E TÚNEL VAL DO MIÑO, CELEBRADAS O DÍA 02 DE MAIO DE 2022
 - XORNADAS DE DINAMIZACIÓN IXP VIÑOS DA TERRA DO BARBANZA E IRIA, CELEBRADAS EN VALGA, RIANXO, Y BOIRO OS DÍAS 24,25,28 DE MAIO DE 2022
- PROXECTO DE COOPERACIÓN LA GESTIÓN DE LA SOSTENIBILIDAD EN EVENTOS CULTURALES CON ESPECTÁCULOS EN VIVO
 - REUNIÓN TÉCNICA DO PROXECTO CELEBRADA OS DÍAS 14 E 15 DE SETEMBRO DE 2021 EN GUADALUPE (CÁCERES)
- PROXECTO O RURAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, CELÉBRASE UNHA ANDAINA SOLIDARIA CAMIÑO DE SANTIAGO NO TERRITORIO DO GDR11 ADERCOU, O DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2021
- CAMIÑO DE FUTURO ENCONTRO INFORMATIVO PARA PRESENTAR AS AXUDAS PÚBLICAS AO DISPOR DAS EMPRESAS GALEGAS
 - ESTE ENCONTRO TUVO LUGAR NA MANCOMUNIDADE DO RIBEIRADE O DÍA 21 DE MARZO DE 2022
- I CONGRESO INTERNACIONAL DE INNOVACIÓN RURAL DE GALICIA, O SPIN RURAL 2022
 - ESTE CONGRESO CELÉBRASE NO PAZO DE XERLIS EN A ESTRADA (PONTEVEDRA) OS DÍAS 4 E 5 DE MAIO DE 2022

Votan a favor todos os presentes, quedando este punto aprobado por unanimidade.

3. PROPOSTA DE PROXECTOS NA SUBMEDIDA 19.4B DE DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DO TERRITORIO, E A SÚA APROBACIÓN, SE PROCEDE. DA ANUALIDADE 2022

O Presidente neste punto da orde do día dalle a palabra a Xerente que informa aos membros da Xunta Directiva da proposta de proxectos da submedida 19.4B de Promoción e Dinamización do Territorio a desenvolver na anualidade 2022,

que son os seguintes:

- **SEMINARIOS DE RECICLAXE DE ACEITES**

Neste proxecto se van a desenvolver uns seminarios de xabóns e deterxentes naturais nas asociacións escollidas por cada un dos Concellos do territorio Adercou.

- **GUÍA DE PROXECTOS DO LEADER, ANOS 2014 ATA 2022**



➤ **APOSTA POR UN ANO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE NO TERRITORIO ADERCOU (ANUARIO 2023)**

Neste proxecto van a colaborar os alumnos do IES Vilamarin cun recetario de xabóns naturais elaborados con diferentes plantas do noso rural (toxo, calendula, salvia, romeu, árnica, camomila...). E tamén van a colaborar os alumnos do CIF A FARIXA no deseño das rutas de sendeirismo escollidas polos Concellos do territorio Adercou.

➤ **RUTA ENOTURÍSTICA EN ADERCOU**

➤ **COMEDORES ESCOLARES RURAIS KMO**

A Xerente informa aos presentes que se vai enviar un correo electrónico informativo aos Concellos do territorio GDR11 Adercou para a súa participación nos proxectos de Promoción e Dinamización do Territorio.

Votan a favor todos os presentes, quedando este punto aprobado por unanimidade.

4. FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO DA ANUALIDADE 2021

O Presidente neste punto da orde do día dalle a palabra o Tesoureiro que informa aos membros da Xunta Directiva, que neste punto se toma o acordo como paso previo a Asemblea: Formular as Contas Anuais da ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL COMARCA DE OURENSE, abreviadamente ADERCOU, integradas por o Balance de Situación Abreviado, Conta de Resultados Abreviada e Memoria Simplificada, todos eles referidos ó 31/12/2021.

O Resultado do exercicio en 2021 foi positivo e ascende a 2.581,85€, e propónse que sexa destinado a compensar os resultados negativos de exercicios anteriores. O Tesoureiro comunica aos presentes que con este resultado positivo nos permite non ter que formalizar e utilizar Póliza de Crédito.

As devanditas contas, serán presentadas a próxima Asemblea, para a súa aprobación.

O Tesoureiro entrega as contas para a súa firma a todos os membros da Xunta Directiva, asinan todos as contas menos o representante do Concello



de Ourense Jorge Pumar Tesouro, que non ten firma dende 08 de setembro de 2020, achegando un Decreto de Alcaldía que o reflicte.

Votan a favor todos os presentes, quedando este punto aprobado por unanimidade.

5.- INFORME E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PARA PRESELECCIÓN DE ENTIDADES CANDIDATAS A ADQUIRIR A CONDICIÓN DE GDR PARA O APOIO ÁS AXUDAS PREPARATORIAS DAS FUTURAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL CORRESPONDENTES AO PERIODO DE PROGRAMACIÓN 2023-27 NA MEDIDA LEADER GALICIA

O Presidente dálle a palabra ao Secretario que informa aos membros da Xunta Directiva, que o xoves 2 de xuño de 2022 sae publicado no Diario Oficial de Galicia as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia no período 2023-2027. Para presentarse a dita candidatura hay que recopilar unha relación de documentación complementaria esixida, entre esta documentación hai que modificar os Estatutos da Asociación Adercou para adáptalos o novo período 2023-2027.

Toma a palabra o Presidente dirixíndose aos membros da Xunta Directiva, preguntándolles se están de acordo na modificación dos Estatutos esixida e aproban dita modificación. Así mesmo tamén solicita a súa autorización para proceder a toda a tramitación para formular a solicitude, para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader Galicia no período 2023-2027.

Facultando ao Presidente para proceder coa tramitación da documentación, e contratacións necesarias para executar os traballos establecidos nas bases reguladoras da Convocatoria.

Así como se fora preciso facer algunha convocatoria de reunións de Xunta Directiva máis neste período de traballo para presentarse a candidatura de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia 2023-2027, se estarían de acordo se fixera telemáticamente.

Votan a favor todos os presentes, quedando esta punto aprobado por unanimidade.



URXENCIA:

O Presidente presenta por urxencia os seguintes temas: Alta de novo membro de Adercou solicitada por CIFP A FARIXA, e posibles acordos de colaboración co CIFP A Farixa e IES Villamarín.

Posta a aprobación a urxencia, apróbase por unanimidade dos asistentes, pasándose a debater e posibles acordos sobre os temas propostos.

1.- Solicitud de alta como membro de ADERCOU do Centro CIFP A Farixa.

A vista da solicitude formulada e o cumprimento dos requisitos esixidos, a Xunta Directiva por unanimidade ACORDA:

Dar de alta como membro de ADERCOU ao Centro CIFP A Farixa, NIF:Q8255015C, respondendo a solicitude de alta formulada polos responsables da entidade e unha vez formalizados os requisitos marcados nos estatutos de ADERCOU.

2.- Acordos de Colaboración CIFP “A Farixa” e IES de Vilamarin

Toma a palabra a Xerente informando aos membros da Xunta Directiva, que se van a firmar uns acordos de colaboración, cas seguintes entidades:

- CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL “A FARIXA”, este acordo de colaboración entre Adercou e CIPF “A Farixa” se considera de interese mutuo para sensibilizar e dar coñecer os diferentes proxectos e recursos turísticos, gastronómicos cos que conta o territorio Adercou, así como enriquecer a promoción dos xoves que se están a formar no centro en materia turística. Xa que o GDR11 Adercou organiza anualmente actuacións de Promoción e Dinamización do territorio.
- INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE VILAMARIN (IES DE VILAMARIN) este acordo de colaboración e interese mutuo a súa colaboración en dar a coñecer os diferentes proxectos e recursos turísticos, gastronómicos cos que conta o territorio Adercou. Xa que o IES Vilamarin é un instituto de Educación Secundaria que imparte os

ciclos de formación profesional básicos, medios e superiores pertencentes ás familias profesionais de Hostelería e Turismo, Industria Alimentaria e Agraria.

O IES de Vilamarín aportará alumnado voluntario colaborador nos eventos acordados e sempre baixo a organización e responsabilidade dos seus docentes.

Votan a favor todos os presentes, quedando este punto aprobado por unanimidade.

6.- DACCIÓN DE CONTA

- Incorporación da Deputación de Ourense aos Grupos de Desenvolvemento Rural da Provincia de Ourense

- Toma a palabra o Presidente informando aos presentes que os seis Presidentes dos GDRs da provincia de Ourense mantiveron unha reunión co Presidente da Deputación de Ourense, na que lles informa da incorporación da Deputación como asociado aos seis GDR da provincia de Ourense, como soporte técnico así como para abrir unha liña de colaboración económica que contribúa á realización dos proxectos que levan a cabo. Impulsando así diferentes vías de colaboración cos seis GDR da provincia de Ourense.

Votan a favor todos os presentes, quedando este punto aprobado por unanimidade

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Preguntados os asistentes polo señor Presidente si existe algún rogo ou pregunta, non habendo nada máis que engadir dase por finalizada a presente reunión de Xunta Directiva levántase a sesión ás 11:00 horas

Vto e praxe

ADERCOU
PRESIDENCIA

Asdo. Manuel Seoane Rodríguez

Presidente Adercou

Asdo. Cesar Blanco Gómez

Secretario Adercou

